

# GIMME DANGER

[Jim Jarmusch, 2016]

# 173

ESTREA EN NUMAX: 25.11.2016 | V.O.S.E.

Gimme Danger (2016, 108')

**Dirección:** Jim Jarmusch

**Guión:** Jim Jarmusch

**Participación:** Iggy Pop, Ron Asheton, Mike Watt, Scott Asheton, Danny Fields, James Williamson, Kathy Asheton, Steve Mackay

**Montaxe:** Affonso Gonçalves, Adam Kurnitz

**Dirección de arte:** Caroline Barton

**Vestuario:** Jo Slater

**Son:** Michael Guggino

**Música:** Adam Kurnitz

**Produtora:** Low Mind Films, New Element Media (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Avalon

**Formato de proxección:** DCP 2K

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Paterson*, 2016

*Só os amantes sobreviven*, 2013

*Ghost Dog, el camino del samurai*, 1999

*Dead Man*, 1995

*Noche en la tierra*, 1991

*Down by Law*, 1986

*Extraños en el paraíso*, 1984

## PREMIOS E FESTIVALS

Cannes 2016 (estrea internacional)

## SINOPSE

O rock'n'roll potente e agresivo de The Stooges, que apareceu en Ann Arbor, Michigan, durante a revolución contracultural, foi como unha bomba na paisaxe musical de finais dos anos sesenta. Coa súa mestura de rock, blues, R&B e free jazz, o grupo no que debutou Iggy Pop asentou as bases do que se coñecería posteriormente como rock alternativo.

«*Gimme Danger* é en boa medida como a mesma música de Iggy Pop: salvaxe, divertida, enerxética, imprevisíbel e contundente.»

Salvador Llopart, LA VANGUARDIA



## “Os Stooges sonme moi próximos, moi do medio oeste”

### Entrevista con Jim Jarmusch e Iggy Pop

Por Andy Greene

#### Jim, cales son os teus primeiros recordos dos Stooges?

Jim Jarmusch: Coido que lles escoitei un álbum por vez primeira aos 16 anos. Son do Noroeste de Ohio, dun suburbio de Akron, e había un rapaz na miña clase cuxo irmán maior tiña bo material debaixo da cama. Tiña a John Coltrane, The Mothers of Invention e libros como *Naked Lunch* e *Candy*. Tiña tamén a primeira gravación dos Stooges. Era o noso tesouro secreto.

#### Que tiña esa música que captou a túa atención?

Jarmusch: Nós xa tiñamos escoitado grupos británicos como Cream ou da costa oeste como Buffalo Springfield e Jefferson Airplane, pero os Stooges sonme máis próximos. Non exactamente postindustrial, pero si moi do medio oeste.

#### De onde saíu a idea de facer este documental?

Iggy Pop: Eu preguntéille a el. Cría que o grupo chegara a un punto no que precisaba e merecía ser obxecto dun filme feito por alguén que de verdade sabe facelos. Pensei: «Coñezo a alguén, vouno tantear». Realmente nin o tanteei, simplemente díxenlle, «gustaríache facer un filme sobre os Stooges?» Jim pensouno durante dous minutos.

Jarmusch: Dez minutos se cadra.

Ao día seguinte xa estaba a pensar en como estruturar o filme, porque me encantan os Stooges.

**E como empezaches?** Jarmusch: Comecei escribindo unha cronoloxía dos Stooges. Revisei libros que xa tiña lido como o de Paul Trynka [*Iggy Pop: Open Up and Bleed*] ou o do propio Iggy, *I Want More*. Había auténticas xoias aí. Logo pensei, «o mellor será que entreviste a Jim Osterberg [Iggy Pop] e que a súa narración oral marque a estrutura».

Pop: Dez horas nun só día. Logo volveu ao día seguinte para recoller o que faltaba.

Jarmusch: Iso foi hai uns cinco anos. O problema é que comecei a traballar no filme sen financiamento, poñendo cartos do meu peto. Daquela o meu colega Carter Logan dixo «Jim, case gastaches 40 dos grandes, estás a tirar o diñeiro. Que é o que

queres facer?». Daquela dixen: «Oh merda, tentemos...»

Pop: Tentemos conseguir algo de diñeiro!

Jarmusch: Fixemos *Só os amantes sobreviven* polo que tivemos que parar un anaco. Logo volvemos e conseguimos dous mozos independentes en Inglaterra que comezaron a procurar diñeiro, e logo a Fernando Sulichin puxo o resto dos cartos. Fixen outro filme, *Paterson*, ao tempo que traballabamos duro en *Gimme Danger*. Levou case un ano e medio conseguir autorización para engadir todo o material que queríamos.

#### Tampouco hai moito material de arquivo.

Jarmusch: Non, e a maioría do que existe xa foi visto polos afeccionados, desde logo. Daquela buscamos e buscamos. Atopamos material inédito marabilloso que ninguén vira, fotografías nunca vistas.

#### Iggy, no momento non reparabas en se había alguén a filmar os vosos concertos verdade?

Pop: Non, desde logo. Mais houbo quen si. Leni Sinclair gravou todos os concertos de MC5, do que o seu home John Sinclair era mánager. E pensou, «estes rapaces son interesantes, vounos filmar». Eramos bastante antitecnolóxicos. Escribíamos e ensaiabamos sen procesos de ningún tipo. Noutras palabras, se Ron quería escribir un riff tiña que tocalo unha e outra vez durante cinco horas e lembrarse ao día seguinte. E se eu logo quería cantar algo con ese material tiña que repetilo unha e outra vez até lembralo. Só gravabamos cando íamos a unha gran cidade.

#### Escotei moitas gravacións piratas dos Stooges e case todas teñen un son horribel.

Pop: Seino.  
Jarmusch: Os fans dos Stooges non contaban con equipos moi caros.

#### Como estruturaches o filme?

Jarmusch: Por primeiro, sabía que quería gravar á xente máis próxima. Foi unha escolla difícil pois tamén me gustaba a idea de entrevistar a David Bowie e John Cale. Mais finalmente decanteime só polos Ashetons, Mike Watt, James Williamson e Danny Fields. Daquela decidín que quería comezar por 1973, ano no que fixeron tres das mellores gravacións de rock da historia, e ao rematar foron de volta á súa casa. Scott dixo «un día atopeime durmindo no chan, vendín a batería e merquei un ticket de autobús de volta a Ann Arbor». Pensei en comezar por aí pois parecíame emocionante.

Publicado en [www.rollingstone.com/](http://www.rollingstone.com/)

Tradución: Xan Gómez Viñas

#### NA LIBRARÍA NUMAX

**Jim Jarmusch, Hilario J. Rodríguez & Carlos Tejada.** Cátedra

**Rodríguez, Hilario J. | Tejada, Carlos**

**Pack Jim Jarmusch.** Cameo [DVD]

**Down by Law, Jim Jarmusch.** Cameo [BluRay]

**Flores rotas, Jim Jarmusch.** Vertigo [BluRay]

**Night on Earth, Jim Jarmusch.** Cameo [BluRay]

**Sólo los amantes sobreviven, Jim Jarmusch.**

Vertigo [DVD]

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo